



Fermín Bouza Brey. O xuíz da Estrada

Jesús Palmou Lorenzo
carlospalmou@gmail.com

Resumo. Bouza Brey é un dos persoeiros galegos máis sobranceiros do século XX no eido da literatura, arqueoloxía e prehistoria. Chega á Estrada, como xuíz, con só 29 anos mais xa cunha importante traxectoria cultural. Aquí continúa o seu labor que, nalgunha das súas manifestacións, centra nesta comarca. Despois de abandonar a vila segue ligado literaria e afectivamente á mesma e mantén relación co Alcalde Mario Blanco. Ambos os dous logran no 1970 o día das Letras Galegas para Marcial Valladares. A Estrada perpetúa o seu recordo dándolle o seu nome a unha rúa en 1992.

Abstract. Bouza Brey is one of the most important figures in literature, archaeology and prehistory spheres in the 20th century in Galicia. He comes to A Estrada to work as a judge with just 29 years old but with an important cultural experience. He carries on his work here and, part of it, is focused on this region. After leaving the town, he continues to be literarily and emotionally connected to the town and keep contact with the mayor Mario Blanco. These two men are responsible for the *Día das Letras Galegas* (Galician Literature Day) to be dedicated to Marcial Valladares. A Estrada makes his lasting memory by giving his name to a street in 1992.

Non pretendo que o meu sexa un traballo novidoso, nin moito menos completo, sobre a figura e a obra de Fermín Bouza Brey; nin sequera que o sexa naquela parte que ten relación, dunha ou doutra maneira, coa nosa vila e comarca, pois ese aspecto foi xa abordado con anterioridade, e por persoas con máis autoridade e erudición ca min, con ocasión de terse dedicado a Bouza Brey o ano das Letras Galegas de 1992, traballos que, cando menos parcialmente, apareceron publicados na revista estradense *Contrarretranca*. Aínda así, non me resigo a traer á nosa *Miscelánea*, para coñecemento e constancia nos arquivos do Museo do Pobo da Estrada, unhas páxinas nas que, inevitablemente, haberá reiteracións co xa publicado, pero nas que pretendo, ademais de ampliar e refundir algúns aspectos da súa obra que aparecen dispersos, incluír outros, descoñecidos ou menos coñecidos, dun dos persoeiros máis importantes da nosa cultura do século XX, que ten vivido entre nós importantes avatares históricos, con transcendencia no seu ámbito

persoal, na súa actividade profesional daquela época, e tamén na súa produción cultural.

Ademais da admiración que, como persoa en primeiro lugar e tamén como galego e galeguista, sinto pola obra de Fermín Bouza Brey, como avogado estradense, aínda que na actualidade non exercente, empúxame a escribir o feito de que a súa vinculación profesional coa nosa comarca estivese relacionada coa administración de Xustiza, na súa condición de xuíz deste partido xudicial, malia non ser esta faceta da súa actividade na Estrada a realmente transcendente e de interese para nós, alén dalgunhas anécdotas e de poder afirmar que cumpriu coas súas obrigas con independencia, imparcialidade, obxectividade e dedicación. Pola contra, a pegada de Bouza Brey na nosa vila atopámola no mesmo ámbito no que acadou o recoñecemento e a estima dos galegos: no estudo e a promoción da nosa cultura nos seus diversos aspectos.

* * *

O que foi, sen dúbida, un dos escritores galegos máis fecundos do século XX, con preto dun millar de publicacións, polifacético narrador, poeta, investigador, historiador e arqueólogo *fito da historia literaria galega, figura sobresaínte do século XX, gran persoeiro da cultura galega, ou continuador dos Precursores de Murguía*, como o definen algúns dos seus biógrafos, nace en Pontearreas en 1901, fillo de Luís Bouza Trillo de Figueroa, quen, despois de estudar no seminario, estudos que abandonou, dedicouse ao periodismo e a literatura, aínda que a principal fonte de ingresos da familia fose una drogaría da que, xunto coa súa dona Orenxia Brey Lores, era titular en Vilagarcía, onde dirixe varias publicacións, e gaña diversos premios literarios.

A actividade literaria do seu pai, un home culto, deixa fonda pegada no pequeno Fermín. No seu pai, atópanse os comezos, a moi curta idade, da súa andaina literaria, rexionalista e galeguista, e a seu pai escritor dedica a súa primeira colección de poemas baixo o lema *Ao meu pai que aforcou as musas*. Ademais a amizade de seu pai con Ramón Cabanillas e Valle-Inclán, este último co

que coincidirá logo en Madrid cando prepara as oposicións a xudicatura, sérvenlle para afondar nos terreos da literatura, a historia e no estudo e uso da lingua galega.

Fermín comeza o bacharelato en Pontevedra, en 1917 trasládase a Ourense para facer o último curso e alí coñece e entra en contacto con outro persoeiro moi ligado á Estrada, Antón Losada Diéguez, para quen lle dera unha carta de presentación Ramón Cabanillas. Coñece tamén, nese mesmo ano, a Eduardo Blanco Amor. A partir de entón, Fermín intervén en actos das Irmandades da Fala en diversas cidades, participando así na promoción do noso idioma e do ideario rexionalista-galeguista; e en 1921 publica o seu primeiro poema *Romance dos vinte anos*, circunstancias ambas que denotan a precocidade da súa inquedaanza literaria e galeguista.

A respecto do pensamento e das figuras para as que olla Fermín Bouza no comezo da década dos vinte, é significativo o seu artigo do volume-homenaxe que a Real Academia Galega rende á revista Nós no ano 1970, no que di *era un mozoilo universitario cando veu o lume de Nos. Solo sei que foi un regalo para a miña idea, xa firme daquela, de erguer a terra [...] ollabamos todos naquelas páxinas de limpa prosa e nobre verso os oráculos da nosa cultura, o Risco, o Cabanillas, o Castelao, o Losada Diéguez e o Otero Pedraio.*

En 1918 comeza en Santiago a carreira de Filosofía e Letras, sección de Historia e, en 1919, abandona Historia e comeza Dereito. Porén, el mesmo nunha entrevista publicada en *El Correo Gallego* en 1971, asegura: *Vin a Santiago a estudar Dereito de mala gana. O meu era Filosofía e Letras, pero como non había facultade, matriculeime en Dereito.* En calquera caso, o certo é que en 1923, licenciouse en Dereito e comeza a carreira de Filosofía e Letras que rematará no ano 1931, sendo xa xuíz da Estrada.

Nada máis chegar a Santiago,ponse de manifesto a capacidade de convocatoria e a inquedaanza cultural de Bouza Brey. En 1922 funda a Asociación Oficial de Estudantes de Dereito, e en 1923, o 23 de outubro, Fermín Bouza Brey, Xosé Filgueira Valverde, Wenceslao Rodríguez, Lois Tobío Fernández, Alberto Vidán Freixía e Xosé Pena Pena, todos eles estudantes en Santiago, fundan no Pazo de Ortoño (Ames), onde vivira Rosalía, o Seminario de



Xuntanza dalgún dos membros do Seminario de Estudos Galegos en 1923. Fermín Bouza Brey (11), Vicente Risco (12), Alfonso Rodríguez Castelao (9), Xosé Ramón Fernández Oxea (7), Xosé Filgueira Valverde (15), Florentino L. Cuevillas (20), Ramón Martínez López (21) e Ramón Otero Pedrayo (28). Foto cedida por Edicións Xerais.

Estudos Galegos, peza fundamental da investigación da realidade galega, dende diversos campos e diversas perspectivas, no século XX.

Pero a súa intensa vida social e cultural non lle impide ao noso persoeiro tirar algunha matrícula de honor na súa carreira de Dereito, que compatibiliza coa actividade literaria, gañando no ano 1923 o primeiro premio do Certame Literario de Pontevedra. Participa en varias revistas literarias e escribe nestes anos boa parte dos poemas que logo aparecerán na publicación *Nao Senlleira*. Ademais ao ano seguinte de rematar a carreira de Dereito, ano 1925, publica dentro da colección *Lar* a novela curta *Cabalgada no Salnés*, a primeira obra narrativa do autor.

Tamén dende a súa fundación, participa activamente nas actividades do Seminario de Estudos Galegos, nas seccións de Historia, Etnografía e Folclore, Arte e Letras, Prehistoria e Historia da Literatura, actividade que non interrompe coa súa marcha a Madrid en 1925, senón todo o contrario, pois é precisamente en 1926 cando colabora mais intensamente nas seccións de Prehistoria e Arqueoloxía. Nesta época incorpórase á Sociedade de Antro-

poloxía e Prehistoria, dende a que tamén continuará as investigacións nesta materias. No campo concreto da Prehistoria, con Florentino López Cuevillas, levou a cabo traballos da máxima transcendencia científica que os acreditou como figuras sobresaíntes desta disciplina en Galicia. En relación con esta actividade, Cuevillas láíase do escaso interese popular e dos deputados por Galicia nunha carta que dirixe a Bouza Brey en 1931, nestes termos: “*E o peor do caso é que a xente ten tan pouco interese por Galicia como os Deputados. Ora que nos somos abondo para crear unha cultura galega. Será unha cultura asentada nun ex pobo mais haberá que ter paciencia. Cando non hai vivos opérase sobre dos cadáveres*”. O intenso labor no seo do Seminario foi continuado logo de 1944, tras a súa participación na constitución do Instituto de Estudos Galegos “Padre Sarmiento”, tamén nas seccións de Arqueoloxía e Prehistoria.

Pero Fermín Bouza Brey, aínda que non se confesa xurista vocacional, senón todo o contrario, despois de 3 anos preparándose en Madrid, aproba as oposición a xudicatura e vai destinado como xuíz de primeira instancia e instrución a Viella (Lleida). Despois dunha estadía de apenas un ano naquela cidade do Pireneo leridano, chega á Estrada en 1930 con 29 anos de idade, sendo un dos xuíces mais novos de Galicia. Aproveita o primeiro concurso de traslados para achegarse a Santiago, unha cidade á que se atopa especialmente vencellado, persoal e culturalmente.

É o certo que as biografías de Fermín Bouza Brey apenas fan referencia á súa estancia na nosa vila, máis alá de salientar algunhas



Bouza Brey ós 29 anos, cando chega a Estrada. Fotografía cedida por Edicións Xerais.



Casa na que viviu Bouza Brey e a súa dona na Estrada, no nº 18 da rúa Calvo Sotelo.

das súas obras nas que aparece esta comarca. Algunhas incluso omiten que foi xuíz do noso partido xudicial, a pesar de que moitos dos seus contemporáneos o coñecían e se referían a él como «o xuíz da Estrada». Porén, como xa queda dito, viviu na Estrada acontecementos de gran transcendencia na súa vida. Os anos de residencia nesta vila, deixan unha fonda pegada en Bouza Brey, como el mesmo recordará moitos anos despois de ter partido dela.

Á súa chegada á Estrada, atópase como secretario do xulgado municipal a Mario Blanco

Torres, irmán do seu amigo e compañeiro nos traballos do Seminario de Estudos Galegos Roberto Blanco Torres, escritor e periodista, que nos comezos da guerra civil, concretamente o 2 de outubro de 1936, foi «paseado» no concello ourensán de Entrimo. Establece co secretario do xulgado unha grande amizade que logo continuou co seu fillo, outro ilustre estradense, Mario Blanco Fuentes, mestre, avogado e alcalde da vila dende o ano 1959 ata o ano 1970.

No ámbito xudicial, na Estrada, Bouza Brey compaxina profesionalidade e independencia coa súa amplísima e completa formación humana, o que lle permite apreciar o trasfondo popular da xustiza, e a súa singularidade en cada pobo, afirmando:

Eu non sei ata que punto o xuíz debe interesarse do folclore do pobo onde outorga xustiza o que equivalería a coñecer o pensamento colectivo en que a súa función se move. [...] sempre recibín auxilio en trances de dúbida do saber popular como denominador común a tódolos xusticiables nun medio tan denso en expresións gregarias como Galicia.

Contrae matrimonio estando na vila, pero esta circunstancia está ligada á Estrada por algo máis que a simple cronoloxía. En 1931, xa

destinado aquí, é Mario Blanco Torres, secretario do xulgado, quen lle presenta a súa amiga dona Emilia Álvarez Álvarez, moza de notable beleza, natural de Cortegada de Miño (Ourense), de familia acomodada e estudante de Farmacia en Santiago. Dous anos máis tarde, unha vez a moza remata a carreira de Farmacia, casan. O matrimonio non se celebra na Estrada como se afirma nalgunha biografía, senón en Cortegada de Miño, onde tamén casan o mesmo día Remedios Álvarez, irmá de Emilia, con Abelardo Moralejo Lasso, catedrático de lingua e literatura latinas da universidade compostelá.



Dona Emilia pouco antes de casar. Foto cedida por Edicións Xerais.

A lúa de mel pásana na Bretaña e o noivo vai cunha bolsa de estudo, o que levaría á súa dona a afirmar anos mais tarde que *foi unha viaxe magnífica aínda que Fermín non deixou de traballar*. Os recién casados fixan a súa residencia na nosa vila, na que entón xa se chamaba rúa de M. Porto Verdura, nome que tiña substituído o de Marqués de Riestra en 1931 e que cambiará polo actual de Calvo Sotelo en 1937. Viven na segunda planta do edificio que actualmente leva o número 18. No baixo e no primeiro tiña o comercio e a vivenda a familia de José Casagrande, unha familia de raigame na Estrada. Os seus fillos Manuel e María Docampo Pego (Lolo e Maruja), entón con idades de 12 e 16 anos, recordan a «don Fermín» como unha persoa de confesión galeguista, moi amable e querida na veciñanza, e a «dona Emilia», como unha señora «moi señora», pero de extrema amabilidade. Recordan tamén como don Fermín lles pedía o pan de broa para facer as migas con ovos revoltos. Nace a súa primeira filla en 1935, que morre cinco días despois do seu nacemento. Tamén aquí naceron as outras tres fillas



Voda de Fermín Bouza Brey con Emilia en Cortegada de Miño. Á dereita a irmá de doña Emilia e o seu cuñado, tamén casados o mesmo día. Foto cedida por Edicións Xerais.

do matrimonio. En abril de 1936 nace a segunda, Emilia Guillermina, que morrerá tamén traxicamente no incendio do hotel Corona de Aragón en Zaragoza; en 1940 nace a terceira, María Luísa, e en 1942, ano en que Bouza vai destinado ao xulgado de Primeira Instancia de Santiago, nace a cuarta, María Isabel.

A presenza de Fermín Bouza Brey na Estrada, como xuíz, está en certa medida influenciada polos cambios políticos que acontecen na década dos anos trinta: a proclamación da Segunda República, a elaboración e aprobación plebiscitaria do Estatuto de Autonomía, o levantamento militar e a Guerra Civil ou *treboada da Guerra Civil*, como diría el nalgunha ocasión, e a dictadura franquista.


Politicamente Bouza Brey era un home moderado, demócrata liberal e galeguista, que se tería sentido cómodo nunha monarquía parlamentaria e democrática, na que Galicia tivera o seu espazo político necesario para desenvolver a súa personalidade no amplo campo político, lingüístico e cultural. Porén, a súa condición de xuíz, impedíalle calquera tipo de manifestación de preferencia partidaria, máis alá da súa amizade persoal cos impulsores do Partido Galeguista, ao que estivo afiliado, e do Estatuto de Autonomía. Tal e como

afirma a súa dona nunha entrevista, non acudía a actos políticos por esta razón: *Fermín non foi porque era xuíz na Estrada e non quería que o vencellasen a ningunha opción política concreta*, di dona Emilia para escusar a ausencia do seu home na manifestación de Santiago despois do plebiscito que aprobaba o Estatuto de Autonomía do ano 36, e á que si asistiron o seu pai e o seu irmán Luís.

Nunca mostrou entusiasmo pola República, e mostrouse intransigente co franquismo dende o primeiro momento, sen prexuízo de cumprir as formalidades que o seu cargo de xuíz de Primeira Instancia e Instrución lle impoñían, como foi o caso de formular declaración xurada de adhesión ao alzamento nacional en 1936, e esixir aos seus subordinados a mesma declaración xurada; ou, anos mais tarde, e por razóns puramente protocolarias, aparecer do brazo da filla do ditador, Carme Franco Polo, con ocasión dos Xogos Florais de Santiago en 1945. No momento de asinar a adhesión, e por esta causa, ten un desgusto cando o seu amigo e secretario do xulgado municipal Mario Blanco Torres, republicano convencido, se nega a firmar a declaración de afección ao Alzamento, recordándolle Fermín que tiña catro fillos e que o seu posto de traballo e a súa supervivencia económica dependían desta formalidade, chegando a falarlle en forma imperativa ata conseguir o seu propósito.

A súa posición política de moderación e compromiso con Galicia e coa democracia e a ausencia de entusiasmo coa República deparáronlle algunha discusión cos seus amigos Castelao pola súa condición de republicano e con Filgueira Valverde polo que consideraban un excesivo colaboracionismo co Réxime.

Tras a súa chegada á Estrada, coñece e traba amizade con Camilo Pereira Freijenedo, avogado e deputado provincial, pai de Virxinia Pereira Renda, esposa de Alfonso R. Castelao, circunstancia esta que uniría aínda máis a ambos. Conta o fillo de Bouza, José Luís, que nunha ocasión, seu pai, facendo unha excepción, acompañou a Castelao a un mitin na parroquia estradense de Callobre para pedir o apoio ao Estatuto no plebiscito de 1936. O mitin levouse a cabo ante un auditorio na súa maioría de labradores propietarios, e Fermín Bouza permaneceu ao lado de Castelao mentres este dirixía entusiastas palabras aos presentes, asegurando que coa autonomía



para Galicia *todas estas terras que hoxe traballades despois van ser vosas*, na idea de que se trataba de terras aforadas. Bouza, que coñecía moi ben a zona e sabía que as terras non tiñan carga foral algunha, levantouse e dirixíndose a Castelao e aos presentes corrixiu dicindo: *Xa son súas Daniel, xa o son agora*.

O 18 de xullo de 1936, atópase en Cortegada de Miño de descanso e regresa de noite á Estrada para estar no seu posto de xuíz. Estaba en posesión dun carné de fillo adoptivo da Casa do Pobo da Estrada e esa mesma noite rachouno e fíxoo desaparecer, segundo tamén me manifestou o seu fillo José Luís Bouza Álvarez. Deses mesma época, conta a súa dona noutra entrevista en *El Correo Gallego* en 1971, que *todos os días chegaba horrorizado polos cadáveres*

que aparecían nas cunetas, os «paseados». Para evitar estes asasinatos, cando tiña sospeita de que algunha persoa podía ser paseada, galeguistas, demócratas, republicanos, mandábaos deter simulando a súa implicación nalgunha causa xudicial e cerrábaos no calabozo, evitando así que os atopasen. En consecuencia, malia que Bouza Brey tiña asinado o documento de adhesión ao Alzamento, imprescindible para continuar no seu cargo de xuíz, transcende a súa desafección e, no mesmo ano 36, foi denunciado e sometido a un expediente por «desinhibición e galeguista». Sobre a identidade dos denunciante, a súa dona dixo anos despois da súa morte *non vou a dicir quen lle puxo a denuncia. Non é cuestión de remover agora porque algúns aínda viven, ou viven os seus fillos e eles non teñen culpa, pero claro está, tiñan camisas azules.*

Como consecuencia da apertura do expediente, en 1937 Bouza Brey é suspendido provisionalmente no seu cargo de xuíz. A súa formación xurídica válelle para defenderse das acusacións que lle son imputadas e incluso acode persoalmente a Burgos para acelerar a súa reincorporación á carreira xudicial, o que acontece en 1939, se ben con destino provisional como xuíz militar en Lleida. Afirmar algúns dos seus biógrafos que ese destino como xuíz militar, no momento en que remata a guerra, trata de poñelo a proba antes de reintegralo no seu destino da Estrada. Antes de rematar o ano 1939 volverá á Estrada recuperando o seu cargo de xuíz de Primeira Instancia e Instrución. Cando regresa á nosa vila, Bouza Brey xa coñecía o nome dos seus denunciante «camisas azules», e prodúcelle desacougo ter que convivir con eles, pero tamén seguían aí os seus amigos Mario Blanco Torres e o seu fillo Mario Blanco Fuentes, Espinosa e outros cos que conservará unha permanente amizade, incluso xa residindo en Santiago, como testemuñan algunha cartas que aquí reproducimos.

E de expedientado en 1936 ao recoñecemento oficial e público dos seus méritos como home de leis e tamén no eido da cultura. En 1940, ao pouco de recuperar o seu destino na Estrada, foi nomeado académico de número da Real Academia Galega cubrindo a vacante do historiador Pablo Pérez Costanti, e en 1942 recibe a cruz de Alfonso X El Sabio. Con ocasión de recibir tal galardón Ben-Cho-



Tres instantáneas
do ingreso de Bouza
Brey na Real
Academia Galega.
Foto cedida por
Edicións Xerais.

Shey, pseudónimo do xornalista e galeguista ourensán Xosé Ramón Fernández Oxea; dende o seu «exilio» en Cáceres dedícalle os seguintes versos nos que fai referencia á nosa vila.

O señor Xuez da vila da Estrada,
que xuzga, canta e fai Prehistoria,
e dos antergos revive a memoria
unha Gran Cruz lle foi acordada.

Ninguén como il tal honor merecía,
pois, ao igual que o famoso Rey Sabio,
tan ben manexa, si quer o astrolabio
como compón a mellor poesía.

Gloria ao xuglar de Vilagarcía
nauta magnífico da «Nao senlleira»
o que das Musas traballa na leira
con mais proveito e maior avolentia.

Gloria ao cantor e ao home de Lei,
o que o Tesouro de Caldas topou,
que por poeta e por sabio ganou
a Grande Cruz de mais sabio rei.

Ao caro amigo Fermín Bouza Brey,
Xuglar e Xuez na vila da Estrada,
mándalle a embora mais emocionada
o exiliado e infeliz

Ben-Cho-Shey

En 1941, Bouza é nomeado Comisario de Escavacións Arqueolóxicas da provincia de Pontevedra, que compatibilizará co cargo de xuíz, un recoñecemento aos seus traballos e á súa autoridade na materia.

En 1942, abandona A Estrada coa súa familia ao ser destinado como xuíz a Santiago de Compostela, cidade coa que sempre mantivo unha especial ligazón por razóns persoais e familiares e, tamén, no eido da cultura.

Pero de todo o que levamos dito, albíscase xa que a actividade de Fermín Bouza Brey na Estrada non quedou reducida a administrar xustiza. Pola contra, non abandona en ningún momento a súa



Coa súa dona Emilia e co portugués Mário Cardoso no Pazo de Oca (A Estrada).
Foto cedida por Edicións Xerais.

actividade cultural que, nalgúns aspectos, ten a nosa comarca e a algún estradense ilustre no eido das letras, como obxecto dos seus estudos. Recorda a súa dona, xa viúva, en 1992 nunha entrevista a *La Voz de Galicia*:

Incluso cando impartía xustiza investigaba. Estando de xuíz na Estrada, un día tralas declaracións nun preito, reuniu nunha dependencia as testemuñas, acusados e acusadores e foilles solicitando recordos, cantigas das súas aldeas, costumes, refráns... saíu satisfeitísimo con material extraordinario para o Cancioneiro que estaba preparando. Nunca paraba de investigar.

Nos primeiros anos na nosa vila prepara a edición da que é sen dúbida a súa principal obra literaria e unha das grandes obras da poesía galega do século XX, *Nao Senlleira*, conxunto de vinte poemas, se ben a case totalidade dos mesmos foron escritos na década dos anos vinte. Este poemario marca o comezo da corrente coñecida como neotrobadorismo que, anos máis tarde, sería seguida por Álvaro Cunqueiro. Tamén nesta época comeza os seus estudos sobre a biografía e a obra de Rosalía de Castro, que continuará despois nos anos cincuenta. Redacta o traballo *La mitología del agua en el noroeste*

hispánico, que lería como discurso de ingreso na Real Academia Galega. No ano 1945 participa nos Xogos Florais de Santiago obtendo o primeiro premio cun extenso poema, *Louvores ó señor Sant-Yago*.

Pero as súas obras con máis conexión coa nosa comarca desenvólvense no campo da investigación e dos estudos arqueolóxicos, prehistóricos e literarios, campos nos que o noso autor levou a cabo un fecundísimo labor, con Galicia como única destinataria. A Estrada aparece en, polo menos, 68 publicacións de Fermín Bouza Brey, tal como recolle a revista *Contrarretranca* no seu número especial das Letras Galegas do ano 1992.

Son especialmente salientables, no que a nós nos interesa, as seguintes obras: *Literatura popular da parroquia de Paradela*; *Folclore de San Andrés da Somoza*; *Valdaquinos de San Miguel de Arca*; *Castros da comarca de A Estrada*; *Ara romana inédita de Matalobos*; *Epígrafe funerario medieval, en ladrillo, de Orazo*; *A lagoa sagrada do monte de Olives*; *Insculturas cruciformes de Presqueiras-Focarey*; *Poesía galega inédita, de Marcial Valladares a Rosalía de Castro*; *Achegas para a bibliografía de Marcial Valladares como etnógrafo*; *Semblanza de Marcial Valladares*.

Finalmente, como peza singular da etnografía da nosa comarca, e pola súa curiosidade, reproducimos o inventario dunha casa labrega de San Nicolás, concello de Forcarei, ao que Fermín Bouza Brey tivo acceso por razón da súa actividade como xuíz a través dun caderno



Fermín Bouza Brey do brazo de Carme Franco Polo, en 1945, con ocasión dos Xogos Florais de Santiago, nos que ela foi madriña e Fermín Bouza obtivo o primeiro premio. Foto cedida por Edicións Xerais.

de partilla do ano 1910, e que publicou no número 99 de *Nós*, en xaneiro de 1932.

O reloxo	Os fuelles
A caldeira de cobre	O escanil con 3 caixóns
A machada e o machado	Un banco de respaldo
O balde grande	Unha sartén pequena
O caldeiro de cobre	Un pote mediano
A pota pequena	Dúas potas mellores
Gadaña, martillo e zafra	Un centro pequeno
A galleta de ferro	Un crucifixo
A chocolateira de cobre	A pa de enfornar
Unha bacenilla de barro	Un ladral
Unha lacena pequena	O garrafón
A pedra de afiar	Un banco de respaldo vello
Un banquiño	Unha cama mellor
Un cepo de madeira	A plancha das filloas
A touciñeira	O potiño máis pequeno
O pote	Outra bacenilla de barro
Un angazo	A palanca de ferro
A escada	Outra pedra de afiar
Outro angazo	A sacha
A cama	Dúas arcas
Outro angazo	Unha manta farrapeira
O martillo de gallas	Os zapatos e os zocos da difunta
Os dous mallos	O cobertor
A mesa de tres caixóns	Unha manta
A medida de medio ferrado de centeo	Una colcha e un cabezal
A medida de medio cuarto de millo	Duascentas arrobas de herba
A artesa	Vinte de palla centea
A lacena de sobre a parrumeira	Catorce ferrados de centeo en gran
As dúas romanas	Tres de millo
A sartén grande	Doce de millo da última colleita
O balde pequeno	Oito quintales de patacas
A xofaina	O adibal
As guinchas	As dúas sombrillas
A gramalleira	Outro mallo mellor
Un velón	A arca grande
A lacena dos ganchos	O restrelo do liño
Un taboete de madeira	Un cepo de madeira
Dous bancos de cociña	Unha trepia

Ao respecto, di Bouza Brey:

Moito se presta o inventario precedente para facer comento respecto da nomenclatura de obxectos de uso cotián na nosa xente.

O feito de que en 1942 fose destinado de xuíz a Santiago e trasladase o seu domicilio familiar a esta cidade non supón a súa desafección das terras e dos seus amigos da Estrada. Pola contra, será nos anos seguintes cando desenvolva unha actividade máis significativa a prol da nosa vila, poñendo de manifesto a súa grande estima pola mesma.

En 1957, cando xa deixara a carreira xudicial, escribe unha colaboración, a modo de pregón con ocasión das festas patronais da Estrada, que foi publicada en castelán no programa das festas dese ano. Dita colaboración, co título de *O meu pregón das festas da Estrada*, todo el entusiasta de gabanzas ás terras da Estrada, di entre outras cousas:

En fin, as festas de alegría infinita, inxenuas e fragantes, con bo viño e polbo fresco de San Xorxe de Cereixo, de Santa Margarita de Callobre, das Doreas de Guimarey, da Consolación de Tabeirós, de San Paio na xoven Estrada, de Santa Paderna de Arnois. Visitei as igrexas, estudei os mosteiros, admirei os castelos, beixei as vellas pedras, abracei as nobres ruínas, acariciei os cruceiros abandonados, reunín os dispersos pergaminos, anotei as liñaxes, busquei a toponimia, disimulando o meu amor, escondendo o meu desexo, incitando a miña esperanza. E remata: Por aquí pasou Xelmírez coas súas hostes e os Altamira con as súas mesnadas. Tal vez veu Alfonso VII visitar os monxes de Acibeiro no seu retiro. Os irmandiños atacaron as fortalezas da Barreira e Tabeirós co seu furacán cívico. Nos amplos salóns de Oca se bailaron leves gavotas, e amouse muito sob as avenidas de mirto dos pazos.

En 1965 novamente fai unha colaboración para o programa das festas daquel ano, baixo o título de *Festas nas Terras da Estrada*, na que expresa a súa anguria pola falta dalgúns dos seus amigos, dicindo:

Fóronse indo moitos vellos amigos estradenses sin que no meu silencio adiviñasen a simpatía que me inspiraban as súas tramoias, as súas loitas, as súas pequenas traxedias na procura de un cargo local ou provincial; mais cando chega o tempo das festas e recibo os convites pra ir a elas, ponme door toparme sin don Manoel o perito, sin don Gonzalo o boticario... e quedome na casa. Vos que non tendes esta laña no corazón debes de acudir a elas e conoceredes o ledo señorío propio do seu natural. Eu non podo, eu non podo...

Finalmente en 1970, xa enfermo, fai a última colaboración para as festas patronais, baixo o título *Guía sentimental de A Estrada*, publicada no programa das festas do mesmo ano, onde recolle:

Si o fado que preside os meus trafegos fixese doado que eu dispuxese de uns minutos cada día, adicaríame a facer unha «Guía sentimental de A Estrada», fuxindo da friaxe que envolve as guías turísticas. Para compor a miña «Guía»

non tiña senón que colleitar as novas que teño collidas quince anos arreo polas terras estradenses, porque elas dormen un sono, quezais eterno, nun cartafol que leva na cuberta o nome ben amado de esta vila nobre, por nova e por fecunda, que ten signo itinerante de andar e andar. A Guía non nata levaría as emocións de todas as terras da que A Estrada é testa visible, como a de Tabeiros, a de Veá, a de Montes e a de América, onde a emigrazón levou a tantos estradenses a deixar os seus sudores e a súa vida, dende o que foi notorio e relevante como Waldo Álvarez Insua, hastra o que descansa no máis homildoso dos sartegos da Chacarita... Precuraría que a miña Guía, en fin, fose latexante como un corazón, onde bulisen vellas memorias pantasmales; onde ecoasen os mais floridos días da historia estradense, en aqueles episodios de ventura ou desventura de poesía ou de misterio que gardo no meu cartafol, en sono quezais eterno, de maneira que se poidese, en oíndo a miña refenda parodiar aquela tríada que a miña amiga Xosefa Neira me ditou outrora:

Canta, canta meu amigo canta.
Para honrar as terras da Estrada
Non houbo mellor garganta.

Pero a relación de Bouza Brey coa Estrada a partir de 1942, en que abandona a nosa vila, non é só con ocasión das festas patronais. Pola contra, a súa disposición a colaborar co desenvolvemento cultural destas terrasponse de manifesto a través da súa relación epistolar co seu amigo Mario Blanco Fuentes na súa etapa de alcalde, unha disposición que, sen dúbida, aparece perfectamente documentada.

En agosto de 1959, o Gobernador Civil de Pontevedra nomea alcalde da Estrada a Mario Blanco Fuentes. Creo oportuno reseñar aquí que a Mario Blanco me uniu unha boa amizade, non só polo feito, transcendente para min, de que fose o meu «padriño de toga» cando alá polo ano oitenta me colexiei como avogado, senón tamén pola súa bonhomía, cordialidade e a súa coherencia. Mario Blanco é o único alcalde, que se saiba, que durante a ditadura franquista acepta ser alcalde para servir o seu pobo, pero se nega a asumir o cargo, entón inherente á alcaldía, de xefe local do movemento, o que obrigou ao Gobernador Civil a facer unha excepción e nomear outro. Con ocasión do nomeamento, Fermín Bouza Brey remítelle a Mario Blanco unha carta de felicitación na que lle di, entre outras cousas:

Hoxe en que me veñen a lembranza todos aqueles dos teus que se foron para sempre, grandes espíritos eles, chámote “Marito” como entón. Si eles vivisen verían no teu nomeamento de Alcalde o trunfo do ben sobre da ruindá, da honradez sobre da rapiña, do espírito sobre da materia. Despois de dar a volta a roda

FERMÍN BOUZA-BREY TRILLO
DOCTOR EN CIENCIAS HISTÓRICAS
ABOGADO
De los Ilustres Colegios de Santiago y La Coruña

SANTIAGO DE COMPOSTELA
Río del Villar, 43-2.
Tel. 1088

5-VIII-959
Sr. D. Mario Blanco Fuentes
LA ESTRADA


Carísimo Marito:

Pra min aínda eres aquel rapaz afectuoso e pensatibre que eu conecín nos anos amergurados pra quen che dou o ser. Por iso ho xe, en que me venen á lembranza todos aqueles dos teus que se foron pra sempre, grandes espritos eles, chamote "Marito" como enton. Si eles vivisen verían no teu nomeamento de Alcalde o trunfo do ben sobre da ruindá, da honradez sobre da rapaña, do espírito sobre da materia. Dempois de dar a volta a rode sobre das inmundicias, a agulla parouse no que trunfa sempre: a bondade, a lealdade, o traballo de boa lei.

Eu sabía de que íbas a ser nomeado; mas non quixen adiantarme. Iñoraba si te aquecía, si calesquera volta de baixa política te desbotaría ao cabo. Agora vin o "Faro" e recibín o teu comunicado que tar agradezo. ¡Deus che dea tino e sorte, que desexo de acertar e principios de bonhomía telos desde que naciches!

Tanto a miña muller como eu recibimos a nova con grande ledicia. Saca avante a economía local e despois... podes facer moito por honrar aos fillos ilustres da Estrada, e ao propio país, pois D. Marcial Valladares está pedindo un homaxe e a bisbarra ísa quere tamén un libro que puidera ser a "Guía turística e sentimental da Estrada e a súa comarca", patrocinada polo Concello da tua presidencia.


Saudos moi afectuosos aos teus, e si ti chegas a saber que eu podo serche de algunha utilidade no teu cárrago, non dubides en utilizarme con aquela vella espiritualidade que nos vincula, na seguranza de que sempre te lembra con cariño quen agora che felicita e aperta cordialmente



sobre das inmundicias, a agulla parouse no que trunfa sempre: a bondade, a lealdade, o traballo de boa lei.

Eu sabía de que íbas a ser nomeado; mais non quixen adiantarme. Iñoraba si te aquecía, si calesquera volta de baixa política te desbotaría ao cabo. Agora vin o "Faro" e recibín o teu comunicado que tanto agradezo. Deus che dea tino e sorte, que desexo de acertar e principios de bonhomía telos desde que naciches. Tanto a miña muller como eu recibimos a nova con grande ledicia. Saca avante a economía local e despois... podes facer moito por honrar aos fillos ilustres da Estrada, ao propio país, pois D. Marcial Valladares está pedindo un homaxe e a bisbarra ísa quere tamén un libro que puidera ser a «Guía turística e sentimental da Estrada e a súa comarca», patrocinada polo Concello da túa presidencia.


Nesta misiva que destila amizade e ledicia polo nomeamento de Mario Blanco,ponse tamén de manifesto a preocupación de Bouza



Brey polo desenvolvemento económico da comarca e pola figura de Marcial Valladares, que tiña estudado na súa etapa estradense, publicando no ano 1970 a súa descrición biográfica no *Boletín da Real Academia Galega*.

En 1963, remesa unha nova carta ó alcalde, na que lle dá conta da publicación no vespertino *La Noche* dun artigo seu sobre a figura de Marcial Valladares e a iniciativa da creación dun instituto co seu nome, que pretendía fose tratado no Instituto de Estudos Galegos «Padre Sarmiento», naquel momento baixo a presidencia de Sánchez Cantón. Comunica a Mario Blanco que tres académicos de número da Galega, entre os que el mesmo se atopa, tiñan elaborado un resumo da vida do escritor estradense para ser tratado no pleno da institución, coa pretensión de que se lle dedicara a Marcial Valladares un día das Letras Galegas.

Finalmente, e en relación con este mesmo asunto, o día 8 de xullo de 1968, Bouza Brey comunícalle ao alcalde que na derradeira xuntanza da Academia Galega se tratara da designación da personalidade á que se lle dedicará o día das Letras Galegas do ano 1969 e que trunfara a súa proposta de ser Marcial



Valladares o homenaxeado. Tamén se lle facía saber que debería asentarse no pobo unha lembranza da figura ilustre das nosas letras. A tal efecto, constitúese unha comisión formada polo presidente da RAG Sebastián Martínez-Risco, García Sabell e o propio Fermín Bouza Brey. En consecuencia os empeños do alcalde Mario Blanco e do académico Bouza Brey conseguen que se dedique a Marcial Valladares o Día das Letras Galegas de 1970, e se levante nos xardíns municipais, preto do Concello, un monolito que recorda o escritor, feitos nos que teñen tamén intervención directa os devanditos académicos Martínez-Risco e García Sabell.

Pero existe constancia escrita doutra contribución de Fermín Bouza Brey á promoción da actividade cultural na Estrada. En 1970, a Corporación Municipal acorda crear unha bolsa dotada con 25.000 pesetas para facer un estudo-catálogo de toda a riqueza histórica e monumental do municipio, incluídos arquivos parroquiais e privados que puidesen ter interese histórico.

Nesta mesma sesión plenaria, acordouse tamén constituír unha comisión para redactar as bases do premio, composta polo alcalde



EXCMO. AYUNTAMIENTO
DE
LA ESTRADA
(PONTEVEDRA)

DON JOSE ANTONIO ARMESTO RODRIGUEZ, Secretario del -

Excmo. Ayuntamiento de LA ESTRADA (PONTEVEDRA).

Nº de _____

Ref. _____

Nº de _____

CERTIFICA: Que el Ayuntamiento Pleno en sesión ordinaria celebrada el día veintisiete de Abril último ha adoptado entre otros, el siguiente acuerdo: _____

"2ª.- MOCION DE LA ALCALDIA SOBRE CREACION DE UNA BECA PARA ESTUDIOS HISTORICO-ARTISTICOS DEL MUNICIPIO.-Se de lectura al Pleno de la Moción presentada por el Sr. Alcalde en la que se indica la conveniencia de crear una Beca para estudios histórico-artísticos, al efecto de descubrir y conocer aquellos monumentos de interés que indudablemente existen en el término municipal de La Estrada, lo cual constituye una obligación y atribución de los Alcaldes según dispone el párrafo j) del artº 101 de la Ley de Régimen Local y artº. 121 párrafo 1º del Reglamento de Organización. Propone el Sr. Alcalde que la Beca sea dotada con 25.000.- pesetas y que se designe un Tribunal bajo la Presidencia del Sr. Alcalde al efecto de redactar las bases de un concurso, especificando los estudios y trabajo a realizar y que resulte sobre quien ha de ser la persona elegida, que a ser posible sea estudiante de Filosofía y Letras de la Universidad de Santiago o del Seminario Conciliar, cursando el último año de carrera. El indicado Tribunal tendrá como Vocales al Presidente de la Real Academia Gallega o Académico en quien aquí pueda delegar; el Director del Seminario "Padre Sarmiento" de Estudios Gallegos o miembro en quien delegue; el Sr. Director del Museo de Pontevedra o persona en quien delegue; el Sr. Director del Instituto de Enseñanza Media de esta Villa y el Sr. Arcipreste de Tabeirós, actuando como Secretario el de esta Corporación. Los trabajos realizados serán propiedad del Ayuntamiento. Igualmente se propone solicitar del Emmentísimo y Reverendísimo Sr. Cardenal-Arzbispo de Santiago que para el mejor cometido de la persona investigadora, se interesase de los Sres. Cursas Párrocos, facilidad de acceso a los Archivos parroquiales.-"

"Vista la anterior Moción del Sr. Alcalde-Presidente el Pleno acuerda por unanimidad: -"Primer.-" Crear una beca dotada con 25.000 pesetas para hacer un estudio catálogo de toda la riqueza histórica, artística y monumental del municipio, incluidos archivos parroquiales y privados que puedan tener interés histórico, facilitando este Ayuntamiento transporte desde esta Villa a las diversas parroquias a la persona elegida.-"

"Segundo.-" Que el Tribunal que se encargue de redactar las bases del concurso, otorgar la beca y aprobar la calidad del trabajo afectada se componga de las personas que propone la Alcaldía en su Moción, a las que el Pleno ruega encarecidamente acepten el cargo.-"

"Tercero.-" Facultar ampliamente a la Alcaldía-Presidente para que, de acuerdo con dichas personalidades se redacten las bases del concurso y una vez concluidas se comunique el mismo, facultando igualmente a dicho Tribunal para aprobar el trabajo una vez efectuado, si lo estima completo.-"


"Cuarto.-" Con envío de testimonio de este acuerdo se suplicas al Sr. Cardenal-Arzbispo de Santiago que los Sres. Cursas Párrocos del Municipio den facilidades de acceso a los Archivos parroquiales a la persona elegida para llevar a cabo este estudio.-"

"Quinto.-" Que el trabajo-estudio que se haga quede propiedad de esta Corporación con facultad de editarlo si lo creyere oportuno.-"

Y para que conste, extiende la presente certificación, de orden y con el Vº. Bº. del Sr. Alcalde-Presidente, en la Villa de La Estrada a nueve de Mayo de _____

Vº. Bº.
EL ALCALDE,





que a presidiría, o presidente da Real Academia Galega ou persoa en que delegase, o director de Instituto de Estudos Galegos «Padre Sarmiento» ou membro en que delegase, o director do Museo de Pontevedra, o director do Instituto de Ensino Media da Estrada, o arcipreste de Tabeirós e como secretario o da Corporación Municipal. Malia a existencia deste acordo, o certo é que as bases foron elaboradas por Fermín Bouza Brey, tal como resulta do contido da súa carta dirixida a Mario Blanco o día 11 de xullo do mesmo ano 70. Nesta carta, Bouza di que adxunta as bases que elaborou segundo o acordo da sesión municipal e propón algunhas modificacións con respecto ao mesmo. Igualmente lle comunica que xa llas leu a Fraguas que mostrou a súa conformidade, se ben propoñendo que o catálogo se fíxese por encargo directo e non por concurso.

Pero se a vida de Fermín Bouza nesta vila non foi sempre un camiño de rosas, unha vez abandona A Estrada, e xa despois do seu ascenso a maxistrado co primeiro destino en Pontevedra, comeza para él un verdadeiro calvario, sentíndose traizoado por algúns compañeiros e amigos. No ano 1947, un ano despois de chegar a Pontevedra, recibe unha nova e importante condecoración, a Cruz distinguida de San Raimundo de Peñafort, aínda que non se trate do maior galardón do Estado español para premiar o labor no ámbito do Dereito como se afirma nalgunha biografía pois a máxima condecoración para premiar o labor xurídico é a Gran Cruz. En calquera caso, a concesión desta distinción, ademais dos seus méritos como xurista, premia especialmente a súa participación nos actos programados con ocasión da visita a Galicia do ministro de Xustiza como delegado do Xefe do Estado na ofrenda ao Apóstolo daquel ano, circunstancia esta que confirma José Carro Otero quen fora un dos seus amigos. Segundo Cuña Novás, será esta distinción a que esperte a envexa dos seus inimigos, o mesmo políticos que persoais, sendo, polo tanto, o punto de partida dos problemas e conflitos que o afastarán da maxistratura en 1952, tras un procedemento de expulsión.

É precisamente no seu destino de Pontevedra como maxistrado da Audiencia Provincial onde foi denunciado por cuestións de índole persoal e política, ao pouco de recibir a Cruz de San Raimundo de Peñafort. A súa dona diría con amargura, uns anos despois: *Na Audiencia tiña bos amigos pero tamén bos inimigos, entre estes últimos estaba o Presidente e outro Maxistrado que non pararon ata que o derrubaron*. Coincidindo tamén coa súa estancia na Audiencia, Celso Emilio Ferreiro, a quen Bouza Brey axudara nalgunha ocasión, compón unha copla de mofa dirixida a este, que chega a circular por Pontevedra para satisfacción dos seus inimigos. Como consecuencia da denuncia e apertura do expediente, no ano 1948, no que nace o seu último fillo José Luis, trasládase a Lleida, coa idea de pedir a excedencia como maxistrado para dedicarse á avogacía en Santiago, segundo comunica a algún amigo, pero finalmente non o fai. En 1951 trasládase a Oviedo.

En 1951, un ano despois da morte de Castelao naquela cidade, Fermín Bouza Brey fai unha viaxe a Bos Aires onde mantén en-



Fermín Bouza Brey en Sala na Audiencia Provincial de Pontevedra. Foto cedida por Edicións Xerais.

contros en distintas institucións da colectividade galega e na universidade. No Centro Galego pronuncia unha conferencia de claro matiz galeguista. Esta circunstancia unida á colocación, ao parecer, dunha bandeira galega no salón e a ausencia da bandeira española, dá aos seus inimigos o pretexto definitivo para acusalo de galeguismo e pechar o expediente coa súa expulsión da carreira xudicial, feito que acontece no ano 1952.

A partir de aquí, Bouza Brey coñecerá momentos de penuria económica e de soidade. O que máis lle doe é o illamento por parte de moitos dos que ata entón parecían ser seus amigos, circunstancia que o sume nunha tristura que se pon de manifesto no texto dunha carta a Álvarez Blázquez en 1956, ano no que se colexia como avogado en Santiago: *Filosofoei dabondo en col de este tema e, anque non sexa moi ortodoxas as miñas conclusións, paréceme que o que hai que reformar e o pensamento e o uso que nos dan feito dende que nacemos. Coa canseira túa e a miña, coa intranquilidade da vida actual, non se pode facer nada que encha o espírito. Está baleiro e vaise. Desexa irse, quere desvencellarse canto máis antes.* Porén, Fermín Bouza Brey recuperaríaa a alegría, xunto á súa familia, tras o nacemento dos seus netos.

Das conferencias pronunciadas en Bos Aires, a da Casa de Galicia (na páxina, borrador) serviu para que Bouza vise nela a razón do seu cese, que, segundo Dona Emilia, se produciu en 1952. Neste ano, a sete meses do seu regreso da Arxentina, Bouza escribelle a Xosé María Álvarez Blázquez e explícalle, "(Teño) **preocupacións de traballo e de índole política. (...) Trouxen de América unha espiña no corazón. Nada digas do que che conto, senón ao teu amigo del Riego. ¡Verás! Un señor Delegado de Cultura da Embaixada (non o 'Agregado Cultural') que coido é o Xefe da F. E. no Exterior, invitoume ao saír da miña conf. na Univ. de Bs. Aires a subir ao seu coche pra me levar á casa pois eu fora a il presentado pol-o M. de Lozoya. Pol-o camiño díxome que eu tería grave desgosto por ter dado unha conf. no 'Centro Galego' porque iste non leva relacións coa Embaixada. (Respondinlle) que non-o sabía e que ninguén me avisara ren; mais ao voltar e irme a despedir repiteu o mesmo ca miña protesta. Mais o certo é que estou baixo isa acusazón a través de dous Ministerios, Asuntos Ext. e Gobernación, que (apurán) ao de Xustiza: galeguista, campaña no estranxeiro, enlace (...) ... e mais o que che vai n-ise papeliño aparte". Arriba, Bouza co seu fillo Xosé Luís o día que cumpre tres anos (29 de agosto de 1951) na praza do Congreso de Bos Aires.**

Texto dunha misiva enviada por Bouza Brey a Xosé María Álvarez Blázquez tras a súa viaxe a Arxentina. Foto cedida por Edicións Xerais.

Finalmente, Bouza Brey fina o día 11 de xuño de 1973, ano no que se cumpren cincuenta da creación do Seminario de Estudos Galegos, no que el tanto tivo que ver. Diría dona Emilia tras o seu pasamento que *Fermín deixou tres grandes cousas na vida, a súa poesía, a súa obra de investigación, que toda ela ten por norte o amor a Galicia, e a súa familia*. Os seus restos repousan no panteón familiar en Cortegada de Miño, vila na que tamén se conserva a súa biblioteca, mobles e despacho, na casa *Nao Senlleira*.

En 1991, tras o acordo de dedicarlle o Día das Letras Galegas do ano seguinte, a Real Academia Galega escolle Cortegada de Miño como sede dos actos oficiais, fronte a Pontearas e Vilagarcía. O Alcalde da vila, Enrique Carpintero, ao ter coñecemento desta designación de-

clara publicamente que o Concello non participará nos actos, porque o homenaxeado non era de alí e nunca fixera nada pola localidade. Unha semana máis tarde, e tras unha entrevista co presidente da Xunta Manuel Fraga, o alcalde de Cortegada cambiou de opinión, rectificando publicamente as súas palabras.

Na Estrada esta efeméride tivo a repercusión e o recoñecemento que Fermín Bouza Brey merecía. O Concello, en colaboración coa Asociación Cultural A Estrada e a Asociación de Fillos e Amigos da Estrada, dedican unha semana á figura de Fermín Bouza Brey, entre os días 11 e 14 de maio, na que ademais do seu amigo e ex alcalde Mario Blanco Fuentes, interveñen os catedráticos composteláns Carlos Amable Baliñas e Fernández Acuña Castroviejo, o secretario do Instituto de Estudos Galegos «Padre Sarmiento» José Carro Otero, o etnógrafo José Manuel González Reboredo, o subdirector do Museo do Pobo Galego Carlos García Martínez, Manuel María, Teresa López, Francisco Rodríguez, Dorinda Castro, Fermín Bouza Álvarez, Miguel Anxo Fernán-Vello, Ana Romaní, Carlos García Martínez e Manuel Reimondez Portela. Renden homenaxe e glosan a figura e a obra de Fermín Bouza Brey.

Pero ademais de achegar un contributo importante á difusión da figura e obra de Bouza Brey, o Concello da Estrada, neste mesmo ano de 1992, quixo que o seu nome quedara unido para sempre á nosa vila e para tal efecto, en maio do mesmo ano, a Corporación Municipal presidida polo alcalde Jesús Manuel Tallón Maceria, da que formaba parte o tamén alcalde actual José Antonio Dono López e eu mesmo, acorda dar o nome de Fermín Bouza Brey á rúa número 18 do plano urbanístico, honrando así a súa figura e a súa obra e recordando a súa vinculación A Estrada como xuíz de Primeira Instancia do noso partido xudicial, e á súa vocación de estradense de corazón, vila da que diría en 1957, *terra de promisión para os espíritos selectos, non te esquecín xamais*.